



Beatriz Rodríguez Gómez, con DNI número 76828175-X, actuando como secretaria accidental da Asociación GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DA RÍA DE PONTEVEDRA, inscrita co número 2009/013009-1 no Rexistro de Asociacións Provincial de Pontevedra, con NIF G-36593606 e domicilio social no edificio do Concello de Marín, Avda. de Ourense s/n, 36900 Marín (Pontevedra), en virtude das competencias que teño atribuídas no artigo 20 dos Estatutos da mesma,

CERTIFICO:

Que na reunión da Xunta Directiva celebrada o día 18 de abril de 2024 con quórum dabondo, en segunda convocatoria, en base aos estatutos, no punto 1 da orde do día relativo a “Resolución de alegacións e incidencias presentadas á proposta provisional de aprobación de proxectos produtivos e non produtivos presentados á convocatoria de axudas da anualidade 2024. Elaboración da proposta definitiva”, tomáronse os seguintes acordos:

Primeiro.- Todos os membros presentes da Xunta Directiva asinaron, antes do abordar o asunto, a declaración de ausencia de conflito de intereses. Naqueles casos nos que se manifestou a existencia de conflito de intereses con algún proxecto de esta convocatoria, advírteselles que deberán ausentarse da sala no momento da avaliación destes proxectos, se fora o caso.

Segundo.- A xerencia expón que no prazo de presentación de alegacións á proposta provisional de aprobación de proxectos publicada pola Xunta Directiva do GALP Ría de Pontevedra, presentouse unha alegación por parte da asociación AMEI Ría de Pontevedra que foi remitida aos membros da Xunta Directiva antes da celebración da reunión.

Recibida a alegación, a xerencia encargou un informe xurídico para ofrecer á Xunta Directiva unha apoio na toma de decisións que foi tamén exposto na reunión.

Logo da avaliación da alegación presentada e da discusión da mesma, a Xunta Directiva acorda manter o seu criterio de non aceptar os custes previstos no proxecto presentado por AMEI Ría de Pontevedra tendo en conta o informe de viabilidade que consta no expediente e que indica a existencia de actividades formativas gratuítas co mesmo obxectivo que as que se inclúen no proxecto e, por outra banda, que os prezos das actividades están por riba dos valores de mercado.

Por outra banda, a xerencia indica que recibíuse fora de prazo de alegacións, a comunicación telefónica do proxectista do expediente 103 solicitando a revisión da distribución de anualidades do seu proxecto. A Xunta Directiva desestima esta revisión por realizarse fora de prazo ante á





posibilidade de que esta modificación do proxecto poida afectar negativamente ao conxunto de proxectos da proposta.

Infórmase tamén que figura na proposta provisional como data de execución da anualidade 2024 o 20 de decembro de 2024 segundo figuraba na aplicación FEMPA que se emprega para a xestión dos expedientes. Porén, con posterioridade á emisión da proposta provisional esta data foi modificada pola Consellería do Mar polo que posiblemente as resolucións saíran con data límite de execución da anualidade 2024 do 31 de outubro deste ano. Comunicada esta situación á Consellería por se procedera modificar a data de xustificación na proposta definitiva, indican que non o fagamos.

Finalmente, a xerencia informa da existencia de erros materiais detectados na proposta provisional e que procede corrixir:

- No Anexo II, o expediente promovido por Lilia Méndez Pérez figura co número PE155A-2024-00082, cando en realidade se trata do expediente PE155A-2024-00093".
- Na proposta de aprobación do expediente PE155A-2024-00177, promovido por EOLO NAUTICA S.L.U., cómpre axustar os importes subvencionables aos orzamentos presentados pola empresa xa que na proposta provisional figuraban por erro, a cantidade inicialmente solicitada sen este axuste.
- Na proposta de aprobación do expediente PE155A-2024-00172, promovido por COFRADÍA DE PESCADORES SAN ROQUE DE PORTONOVO, cómpre axustar os importes subvencionables ao orzamento presentado no que debe desagregarse o importe de vehículo do custe de matriculación. O non facelo así motivou un erro na estimación do importe subvencionable que figuraba inicialmente na proposta.

A proposta definitiva recóllese nos seguinte anexos:

- Anexo I: proposta de resolución definitiva de concesión de axudas
- Anexo II: Proposta de resolución definitiva de desestimación de axudas.

Terceiro.- Acórdase que se proceda á publicación de esta proposta no taboleiro de anuncios do GALP Ría de Pontevedra e na páxina web galp.xunta.gal coa advertencia de que esta non crea ningún dereito a favor dos solicitantes propostos.

Acórdase así mesmo remitir a proposta á Consellería do Mar.

E para que así conste, expido esta certificación co Visto e prace da presidenta do GALP Ría de Pontevedra, en Marín a 19 de Abril de 2024.

Asdo.: Beatriz Rodríguez Gómez
Secretaría accidental do GALP Ría de Pontevedra

Visto e prace,

Asdo.: María del Carmen Vázquez Nores
Presidenta do GALP Ría de Pontevedra

